

CRITERIOS DA DIVISIÓN DE RR HH E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO SERGAS PARA A CONCESIÓN DE COMISIÓNS DE SERVIZO

Os criterios de ordenación das solicitudes de comisións de servizos presentadas polos demandantes das memas trala execución das distintas convocatorias de categorías estatutarias da OPE extraordinaria son:

(Priorizando , primeiramente, en función do establecido no Decreto 206/2005, do 28 de xullo de 2005, de Provisión de prazas de persoal estatutario do SERGAS,)

1º Mobilidade por razón de violencia de xénero (art 36º): limitado ás traballadoras que así o soliciten previa acreditación de tal situación de acordo coa normativa de protección integral contra a violencia de xénero.

2º Mobilidade por razón de saúde do cónxuxe ou fillo ou persoa maior ao seu cargo (art 35º): acreditando o dito estado de saúde así como o vencello coa persoa solicitante da comisión de servizos.

3º Mobilidade en función dos criterios establecidos pola Lei 39/1999, de 9 de novembro de Conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, no referente a existencia de fillos menores de 12 anos

4º En caso de empate , a distancia dende o centro de destino do solicitante ao domicilio familiar.

5º Antigüidade no servizo en función da puntuación acadada na listaxe definitiva da Fase de Provisión.

(Os ditos criterios teñen sido xa remitidos, ás distintas Xerencias das Institucións Sanitarias do SERGAS)